

nal, establécese no presente artigo a escala de aportacións, en función das porcentaxes dos ingresos familiares en relación co salario mínimo que se publique para cada exercicio económico.

Na súa consecuencia as aportacións familiares rexeranse pola seguinte escala:

- a).—Ingresos per cápita entre o 50,1% e o 60% do salario mínimo, aportarán o 10% do importe do servizo.
 - b).—Ingresos per cápita entre o 60,1% e o 70% do salario mínimo, aportarán o 20% do importe do servizo.
 - c).—Ingresos per cápita entre o 70,1% e o 80% do salario mínimo, aportarán o 30% do importe do servizo.
 - d).—Ingresos per cápita entre o 80,1 e o 90% do salario mínimo, aportarán o 40% do importe do servizo.
 - e).—Ingresos per cápita entre o 90,1 e o 100% do salario mínimo, aportarán o 50% do importe do servizo.
 - f).—Ingresos per cápita entre o 100,1% e o 110% do salario mínimo, aportarán o 60% do servizo.
 - g).—Ingresos per cápita entre o 110,1% e o 120% do salario mínimo, aportarán o 70% do servizo.
 - h).—Ingresos per cápita entre o 120,1% e o 130% do salario mínimo, aportarán o 80% do servizo.
 - i).—Ingresos per cápita entre o 130,1% e o 140% do salario mínimo, aportarán o 90% do servizo.
 - j).—Ingresos per cápita entre o 140,1% e o 150% do salario mínimo, aportarán o 100% do servizo.
- Por unidade de convivencia entenderase a formada por dúas ou máis persoas que cohabiten no mesmo domicilio, existan ou non vínculos de parentesco.
 - Deducirase do total de ingresos familiares mensuais os gastos de aluguer de vivenda ou amortización por merca de vivenda.

ARTIGO 5º.—PROCEDIMENTO DE COBRO

1.—A obriga do pago nace dende a data de alta efectiva do usuario como beneficiario do servizo municipal de axuda no fogar.

2.—O pago realizarase por meses vencidos, dentro dos 5 primeiros días do mes seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cambados, 15 de decembro de 2008. O Alcalde.—José Manuel Cores Tourís.
2008012816

A N U N C I O

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do Concello de data 30/10/2008, de aprobación da Ordenanza Fiscal Xeral de Taxas do Concello de Cambados, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 6/11/2008, procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do texto íntegro da referida Ordenanza:

ORDENANZA FISCAL XERAL DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS

Artigo 1º.—Fundamento legal.—Esta Ordenanza fiscal xeral de taxas e prezos públicos, establécese ó amparo do disposto polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2º.—Obxecto.—Esta Ordenanza ten por obxecto establecer normas que resulten aplicables a todas ou a un certo número das Ordenanzas de taxas e prezos públicos deste Concello.

Artigo 3º.—Suxeitos pasivos.—Sen perxucio da súa especialidade, cando proceda en cada ordenanza, son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que:

Disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.3 do TRLRFL.

Que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais, conforme a algún dos supostos previstos no artigo 20.4 do TRLRFL.

Terán a condición de substitutos do contribuínte:

Nas taxas establecidas polo outorgamento das licencias urbanísticas previstas na normativa sobre solo e ordenación urbana, os construtores e contratistas de obras.

Nas taxas establecidas pola prestación de servizos de prevención e extinción de incendios, de prevención de ruínas, construcións e derribos, salvamentos, e, en xeral, de protección de persoas e bens, comprendéndose tamén o mantemento do servizo, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Nas taxas establecidas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das fincas e locais a que den acceso ditas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobres os respectivos beneficiarios.

Artigo 4º.—Responsables.—Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.—Beneficios fiscais.—Só se admitirán as exencións ou bonificacións que veñan establecidos nas normas con rango de lei, deriven de trata-

dos ou acordos internacionais, ou veñan recollidas en cada ordenanza.

Artigo 6º.—Xestión.—1. A xestión, liquidación, inspección e recadación das taxas e prezos públicos, que establece este Concello, realizaranse de acordo co previsto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, no RD 939/2005 de 29 de xullo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. Os suxeitos pasivos quedan obrigados a presentar cantos datos fosen necesarios para a liquidación das taxas.

3. Nos supostos de pago periódico, determinado na Ordenanza fiscal, o devengo se producirá o día 1 de xaneiro de cada ano, salvo nos supostos de alta ou baixa, nos que se aplicará o prorrateo que se estableza en cada Ordenanza. Así mesmo, o pago poderá esixirse mediante liquidacións semestrais, trimestrais ou cuadrimestrais.

Artigo 7º.—Determinación da cota tributaria.—A cota determinárase:

Segundo cantidade fixa, sinalada ó efecto na correspondente Ordenanza Fiscal.

Segundo tarifas establecidas nas Ordenanzas Fiscais. Ós efectos previstos para a aplicación das tarifas, as vías públicas do Concello de Cambados, clasifícanse en tres categorías:

PRIMEIRA CATEGORÍA

- * Avda. de Vilariño (ata a Rúa Beleco).
- * Rúa Ourense.
- * Rúa Real.
- * Praza do Concello.
- * Rúa Pontevedra.
- * Praza de Fefiñáns.
- * Avda. de Galicia (ata a rúa Valvanera).
- * Rúa Nova e prolongación.
- * Rúa Riveira de Fefiñáns e Pombal (ata a Avda. de A Coruña)
- * Avda. de Madrid.
- * Praza de Ramón Cabanillas.
- * Rúa Padre Peña.
- * Praza Alfredo Brañas.
- * Rúa Príncipe.
- * Rúa Hospital.
- * Rúa Curros Enríquez.
- * Rúa do Rollo.
- * Rúa Novedades.
- * Praza de A Leña.
- * Rúa de A Leña.
- * Praza S. Gregorio.
- * Rúa S. Gregorio.
- * Rúa S. Francisco.

- * Rúa Infantas.
- * Rúa Isabel II.
- * Avda. de A Pastora (ata a Rúa S. Francisco).
- * Praza de Asorey.
- * Alameda de Santo Tomé.
- * Paseo da Calzada.
- * Rúa Caracol.
- * Rúa Muelle de Santo Tomé.
- * Praza e Caleixón das Rodas.
- * Rúa San Francisco.
- * Rúa Plácido R. Castro.

SEGUNDA CATEGORÍA

- * Rúa Alvaro Cunqueiro.
- * Rúa Alfonso R. Castelao.
- * Rúa Celso Emilio Ferreiro.
- * Avda. de A Coruña.
- * Rúa Sevilla.
- * Rúa Pardo Bazán.
- * Rúa Valle Inclán (ata o cruce Rúa P. Bazán).
- * Rúa Borrón.
- * Rúa Narciso Pérez.
- * Praza Compostela.
- * Rúa Compostela.
- * Avda. de Villagarcía.
- * Rúa Carlos Maside.
- * Rúa R. Pesqueira.
- * Rúa Vilanova de Arousa.
- * Rúa O Grove.
- * Rúa Meis.
- * Rúa Meaño.
- * Rúa Ribadumia.
- * Rúa Sanxenxo.
- * Rúa Beleco.
- * Rúa Valvanera.
- * Avda. Rosalía de Castro.
- * Rúa Carballeira.
- * Rúa Montesacro.
- * Rúa Os Pazos.
- * Rúa Alameda Vella.
- * Rúa R. Otero Pedrayo.
- * Rúa Blanco Amor.
- * Avda. de A Pastora (dende a Rúa S. Francisco ata os cruces Rúa Sabugueiro e Rúa Os Pazos).
- * Rúa Santa Margarita.
- * Rúa San Roque.
- * Rúa Albariño.
- * Rúa das Rodas.
- * Rúa e Praza A Torre.
- * Rúa Os Olmos.
- * Rúa Lugo.
- * Rúa Rego.
- * Travesía do Rollo.

- * Rúa San Benito.
- * Rúa Rianxeira.
- * Rúa Bimbio.
- * Rúa Arousa.
- * Rúa Esperanza.
- * Rúa Albergue.
- * Rúa Barreiro e Travesía.
- * Travesía da Alameda.
- * Rúa Fomento.
- * Rúa Eduardo Pondal.
- * Rúa J. Caamaño Bournacell.
- * Praza de Abraldes.
- * Rúa Manuel Murguía.
- * Caleixón Alamenda Vella.
- * Caleixón do Albergue.
- * Travesía Valle-Inclán.
- * Rúa Antonio Pérez.
- * Rúa do Asilo.
- * Rúa Barcelona.
- * Travesía Rúa Veleco.
- * Travesía O Borrón.
- * Rúa Brexiño.
- * Rúa Os Caeiros.
- * Rúa Camiño da Grenla.
- * Rúa Montinho de Arriba.
- * Rúa Montinho do Medio.
- * Rúa Montinho de Abaixo.
- * Travesía Narciso Pérez.
- * Rúa A Pacheca.
- * Caleixón da Parra.
- * Rúa da Praia.
- * Caleixón da Rectoral.
- * Rúa Ribeira Mouta.
- * Rúa e Caleixón do Rio.
- * Rúa Terra Santa.
- * Rúa Triana.
- * Rúa Vicente Risco.
- * Travesía Avda. Vilariño.
- * Rúa Vilar Ponte.
- * Rúa Carreira.
- * Avda. de Castrelo.
- * Rúa Castriño.
- * Rúa do Castro.
- * Rúa a Chileta.
- * Rúa do Con.
- * Rúa A Corniña.
- * Travesía A Corniña.
- * Rúa da Fonte.
- * Rúa Fonte da Brúa.
- * Caleixón Fonte Feñiñans.
- * Rúa Granxa do Conde.
- * Rúa Joaquín Sánchez.
- * Travesía Montinho.
- * Rúa Pintor C. Sobrino.

- * Rúa Pintor C. Soutomaior.
- * Rúa Pintor Seoane.
- * Rúa Pintor Urbano Lugrís.
- * Rúa Os Pios.
- * Porto de Tragove.
- * Rúa Sabugueiro.
- * Rúa San Sadurniño.
- * Travesía San Benito.
- * Rúa Roque - Río.
- * Rúa Os Pazos.
- * Santa Mariña.
- * Avda. A Pastora (dende Os Pazos ata o camiño de O Castro).
- * Entidade rural de A Modia.
- * Entidade rural de O Cruceiro.
- * Entidade rural de O Riveiro.
- * Rúa A Mariña.
- * Travesía do Albariño.
- * Polígono Industrial de Setepías.

TERCEIRA CATEGORÍA

Entidades rurais de poboación das diversas parroquias, coas delimitación determinadas pola Normativa Urbanística vixente neste Concello, segundo se indica a continuación:

Castrelo: Adro, Baltar, A Barca, A Bouza, O Castriño, Couto de Abaixo, Couto de Arriba, O Facho, Lourido, Outeiro, Quintáns, A Revolta, Sartaxes, Serantellos e Xesteira.

Corbillón: Cortiñas de Abaixo, Laxes, Refoxos, Río da Ucha, Tragove, A Veiga e Rúa Agrolongo.

Oubiña: Bouza do Rei, Campo da Vila, Cereixeira, Outeiro, Río Pequeno e Sobreiro.

Vilariño: Bouciña, Cacabelos, Casas Novas, Cortiñas, Cobas de Lobos, Cuiña, Fornos, Laxe, A Pedreira, Quintáns, Sameiro, San Antón, Sineiro e Rúa Priorato (A Modia).

Cambados: Rúa Pinar do Rei.

Ademáis, entenderanse incluídos nesta categoría, tódolos establecementos e actividades, sitios no resto do territorio do municipio, non incluídos nas categorías anteriores.

Artigo 8º.—Infracións e sancións.—Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal xeral, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Cambados, 15 de decembro de 2008.—O Alcalde,
José Manuel Cores Tourís.

2008012817